



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A Coruña – Pontevedra

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
colegio@coitagalicia.org

Soportais da Ferrería, 4-2ºD
36002 - PONTEVEDRA
Telf. 986 84 61 17
Fax. 986 84 61 17
delegacionpontevedra@coitagalicia.org

www.coitagalicia.org

*memoria
anual*

2010





MEMORIA ANUAL DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE A CORUÑA E PONTEVEDRA (COITAAC).

1. PRESENTACIÓN.

A continuación presentámosvos, como vén sendo habitual por estas datas a Memoria Anual de 2010.

Esta memoria xunto coa Conta de Perdas e Ganancias é o medio polo cal a Xunta de Goberno do Colexio presenta a todos os colexiados o resumo das súas actuacións e os resultados destas, e constitúen un medio fidedigno de valoración da vida colexial.

Esta será a primeira vez que todos os Colexios Oficiais, que estamos integrados no Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas Agrícolas e Peritos de España (CGCOITAE), presentemos un mesmo modelo de memoria adaptado ao novo marco normativo relacionado coa Xanela Única, en cuxo establecemento estamos inmersos.

A partir da publicación do RD 1000/2010 que regula o visado obrigatorio, limitando o devandito visado, unicamente e a groso modo, a proxectos e certificacións finais de obra, se produciu un punto de inflexión a existencia do Colexio, xa que se viron limitados, enormemente, os ingresos que se obtiñan por dereitos de visado. Está claro que non nos podemos quedar ancorados nesta situación que nos foi imposta e, lonxe de limitarnos, cremos que é o momento de dar un xiro ao colexio e buscar outras formas de participación e interacción de e cos colexiados.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE O ÁMBITO LEGAL.

Estatutos: Actualmente vixentes a nivel do Estado os aprobados por RD 2772/1978, modificados polos RD 429/1999 e RD 861/2003. En redacción os novos Estatutos para a súa adaptación á Lei de Colexios Profesionais de Galicia, e ao resto de normativa de recente aprobación como consecuencia da trasposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva (UE) SIM (de servizos no mercado interior), e a reforma do Espazo Europeo de Ensino Superior.

Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de España e do seu Consello Xeral.

<http://www.agricolas.org/orgcolegial/consejo/estatutos.htm>

3. O COLEXIO.

a. Breve historia.

Este Colexio conta cunha tradición de máis de 75 anos, existindo no Colexio un libro de Rexistro de colexiados do antigo "Colexio Pericial Agronómico Da coruña" de 1934, que inclúe a matriculación dos primeiros colexiados, sendo o primeiro D. Jovita Marnotes Veiga.

Os últimos anos o número de colexiados mantense sen grandes altibaixos roldando os 950.

Colexiados a 31/12/2010: 930 (565 A Coruña e 365 Pontevedra)

b. Fins e funcións.

O COITAAC é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

En atención ao anterior, no seu ámbito territorial e no marco das súas competencias, exerce as funcións que lle asigna a Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, a lexislación básica do Estado nesta materia, e, en particular, as seguintes:

1. A representación e defensa da profesión.
2. A ordenación da actividade dos colexiados.
3. O exercicio da potestade disciplinaria.
4. A loita contra o intrusismo profesional e a competencia desleal.
5. O cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente.
6. Establecer e recadar, mesmo esixir, todas as achegas económicas que determinen os Estatutos.
7. A elaboración e aprobación dos presupostos anuais de ingresos e gastos e das súas contas e liquidacións presupostarias.
8. O visado dos traballos profesionais dos colexiados, cando sexa obrigatorio ou expresamente demandado polo promotor.
9. A organización de actividades dirixidas á formación e perfeccionamento profesional dos colexiados.
10. A participación de forma activa na elaboración e mellora dos plans de estudo das Escolas Universitarias de Enxeñaría Técnica Agrícola.
11. A organización de actividades e servizos comúns, de carácter profesional, cultural, asistencial, etc..
12. A intervención como mediador nos conflitos profesionais dos colexiados.
13. A relación e coordinación con outros colexios profesionais, así como cos consellos galegos de colexios.
14. Informar os proxectos de normas da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten aos profesionais.
15. A participación nos órganos consultivos da Administración de Galicia.
16. A emisión de informes e ditames, non vinculantes, en procedementos xudiciais ou administrativos que afecten a materias da competencia profesional.
17. A colaboración coas administracións públicas en materia das súas competencias.
18. A colaboración e garantía da prestación da función polos profesionais colexiados.
19. Actuar como árbitro nos conflitos entre colexiados e terceiros.
20. Cantas outras funcións repercutan en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados e se encamiñen ao cumprimento dos fins colexiais.

c. Como contactar.

Territorialidade:

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña - Pontevedra, ten, como a súa denominación indica, ámbito territorial nas dúas provincias.

A capitalidade do Colexio está na Coruña, existindo na actualidade unha Delegación en Pontevedra.

Ademais, a colaboración co resto de colexios oficiais de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas do Estado facilita dar cumprimento ao precepto estatutario da colexiación única, que permite o exercicio profesional, a calquera ITA colexiado, en todo o territorio estatal, independentemente do seu Colexio territorial de adscrición.

Ámbito del Colegio: A Coruña-Pontevedra

Sedes:

A Coruña: Av. Barrié de la Maza, 17-1º C, 15003,
A Coruña
Tfnº 981 226027, Fax 981 224138
administracion.coruna@coitagalicia.org

Pontevedra: Soportais da Ferrería, 4-2º D, 36002
Pontevedra
Tfnº y Fax 986 846117
delegacionpontevedra@coitagalicia.org

mail xeral Colexio: colegio@coitagalicia.org
web del Colexio: www.coitagalicia.org

4. XUNTA DE GOBERNO.

a. Funcións

A Xunta de Goberno ten como misión a dirección e administración do Colexio, no marco dos Estatutos e do seu Regulamento de Réxime Interno.

Son funcións da Xunta de Goberno, as seguintes:

- a) O acordo para a adquisición, denegación e perda da condición de colexiado e clases destes.
- b) A defensa dos intereses e prestixio do Colexio e dos colexiados (A promoción da profesionalidade e o bo facer, outorgando méritos aos traballos mellor realizados de cada ano no ámbito territorial do Colexio).
- c) Velar pola boa conduta profesional.

- d) A organización entre os Colexiados das quendas profesionais de traballo.
- e) O exercicio das facultades disciplinarias que lle correspondan.
- f) A confección periódica da lista de Colexiados.
- g) A promoción da formación de comisións para o estudo de asuntos que incumban ao Colexio.
- h) Impedir o exercicio da profesión aos que non reúnan as condicións de orde legal establecidas para o efecto.
- i) A recadación e administración dos fondos do Colexio.
- j) O nomeamento e separación do persoal administrativo do Colexio.
- k) A convocatoria á elección dos cargos da Xunta de Goberno.
- l) O acordo para a celebración de Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- m) A organización do sistema para a realización do visado de traballos profesionais, separando para iso a comisión correspondente e delegando as funcións e práctica do visado nela.
- n) A adopción das medidas pertinentes para o cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e do Consello Xeral.
- o) A forma de aprobación das actas, establecendo o procedemento de autenticidade e axilidade para a inmediata execución dos acordos.

E todas as demais funcións recollidas nos estatutos particulares e nos Regulamentos de Réxime Interno do Colexio. Neste terreo, á parte doutras accións, neste momento estase a traballar para implementar no Colexio un Punto de Información Catastral que facilite o desempeño profesional de nosos Colexiados.

b. Composición

A súa composición é: Presidente, un Vicepresidente, Secretario, un Vicesecretario, Tesoureiro, un Viceteseureiro e catro vocais. Á parte, é Vogal nato o Delegado do COITAAC na súa provincia (Pontevedra).

Presidente

Enrique Luís de Salvador Sánchez
presidente@coitagalicia.org

Vicepresidente

José Ángel Raña Caamaño

Secretario

Rafael José Muiños Moreno
secretario@coitagalicia.org

Vicesecretaria

Salomé Rodríguez Prieto

Tesourero
José Barrera López tesorero@coitagalicia.org
Vicetesourero
Gabino Grande Toro
Vocais
Enrique Fernández López
Mario Fernández Redondo
Óscar Martínez Tilve
Jesús García Filgueiras
Vocal-Delegado de Pontevedra
Diego Troncoso Casal

c. Reunións

Reunión Xunta Goberno ordinaria 28/01/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 08/03/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 19/04/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 18/05/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 07/06/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 12/07/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 13/09/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 08/11/10
 Reunión Xunta Goberno ordinaria 13/12/10

Ademais destas reunións a delegación Pontevedra fixoo nas datas que se detallan:

Reunión Comisión Pontevedra 12/03/10
 Reunión Comisión Pontevedra 18.06/10 - Asamblea elección novo delegado:
 D. Diego Troncoso Casal
 Reunión Comisión Pontevedra 09/07/10
 Reunión Comisión Pontevedra 22/09/10
 Reunión Comisión Pontevedra 09/11/10
 Reunión Comisión Pontevedra 30/11/10

5. ASAMBLEA XERAL.

a. Funcións

Corresponde á Asemblea Xeral:

- a) Coñecer e sancionar a Memoria ou informe anual que a Xunta de Goberno lle someterá, resumindo a súa actuación, así como os acontecementos profesionais de maior relevo.
- b) Sancionar a xestión da Xunta de Goberno.
- c) A discusión e aprobación das contas do exercicio económico, así como dos presupostos, tanto ordinarios coma extraordinarios.
- d) Determinar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- e) Establecer baremos de honorarios profesionais, con carácter meramente orientativo.
- f) Aprobar o Estatuto particular e, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno do Colexio.
- g) Aprobar a implantación de Delegacións e Subdelegacións, segundo o previsto nestes Estatutos, que se consideren convenientes.
- h) Acordar a adquisición ou alienación dos bens patrimoniais do Colexio, autorizando o seu Presidente para actuar en consecuencia con plena representación da Corporación, como así mesmo facultalo para concertar operacións de crédito, establecer e levantar hipotecas, peñar valores e cantas operacións financeiras se estimen pola Asemblea poidan beneficiar a economía do Colexio e desenvolver a súa manobrabilidade, dentro dos fins e funcións do artigo 4º.
- i) Aceptar ou rexeitar doazóns ou herdanzas.
- j) A discusión e decisión sobre cantas propostas se lle sometan e correspondan á esfera de acción e intereses do Colexio, por iniciativa da Xunta de Goberno, ou de cinco colexiados como mínimo. As devanditas propostas deberán ser presentadas coa suficiente antelación para ser incluídas na orde do día.
- k) A proposta de fusión, absorción, segregación, cambio de denominación e disolución do Colexio.
- l) A elección dos membros da Xunta de Goberno conforme ao artigo 12.
- m) Implantación, supresión ou modificación de servizos corporativos.

b. Reunións e temas principais tratados

- Asemblea Xeral Ordinaria 28/06/10

- Aprobación Contas de Pérdidas e Ganancias de 2009.
- Sanción Memoria de Actuacións de 2009. Destácase:
 - Axuda da Consellería de Trabajo para a contratación de dous técnicos de apoio.

- Caída do nº de traballos visados, motivada polo ámbito de crise xeral.
- Actividades colexiais (Comida San Isidro, cursos, ofertas de emprego, etc.).
- Acordos respecto a Normas Deontolóxicas, e Regulamento do Rexistro de Sociedades Profesionais, motivados pola aprobación da Lei 17/2009 e para adaptación ao EEES da adopción de Acordos de Bolonia e a adaptación aos estudos universitarios ao EEES.
- Informe sobre:
 - Presentación do novo Delegado en Pontevedra.
 - Novidades normativas: visado colexial e Proxecto de Lei de Servizos profesionais.
 - Novidades adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), e as súas implicacións sobre os ITAs.
 - Inicio do Foro web Colexio.
 - Situación respecto á Segregación do Colexio de Ourense e a sentenza do TSXG ao respecto.
 - Novas subvencións solicitadas para formación e contratación de persoal.
 - Información sobre o próximo Congreso Internacional de PÁX. RR.LL no Sector Agroalimentario, en Almería
 - Información sobre o recoñecemento por parte da Consellería de Traballo ao Curso de Coordinador de Seguridade e Saúde nas obras de construción celebrado polo Colexio en 2007, para os efectos de inscrición no Rexistro de coordinadores da Xunta.

.- Asamblea ordinaria 20/12/10 (Pendente de aprobación na Asemblea Xeral Ordinaria do 27/06/11).

- Aprobación Presupostos 2011.
- Aprobación de dereitos económicos colexiais por dilixenciado dalgúns tipos de traballos (Seguridade e Saúde).
- Informe sobre:
 - Proxecto de Lei de Sociedades Profesionais.
 - Normas de presentación de traballos adaptadas a RD 1000/2010.
 - Cursos Valoracións e I Xornada Sanidade Vexetal.
 - Punto de Información Catastral.
 - Oferta Pública de Emprego Xunta 2009. Convocatoria oposicións.
 - Base de datos de prezos de chan.
 - Proxecto Decreto Xunta SS.VV.OO..
 - Orde Consellería Facenda, honorarios peritacións terceiras.
 - Información sobre o recoñecemento por parte da Consellería de Traballo ao Curso de Coordinador de Seguridade e Saúde nas obras

de construción celebrado polo Colexio en 2007, para os efectos de inscrición no Rexistro de coordinadores da Xunta.

6. SECRETARIA TÉCNICA

a. Funcións e servizos

Fórmana o Secretario do Colexio e as técnicas de apoio que hai en ambas as dúas sedes.

Encárganse de:

- ✓ Recoñecemento e visado de traballos.
- ✓ Asesoramento consultas técnicas.
- ✓ Atención a reclamacións xurídicas, principalmente relacionadas con atribucións profesionais. Con apoio xurídico externo.
- ✓ Xestión do Rexistro colexial de Sociedades Profesionais.
- ✓ Elaboración do plan formativo anual do COITAAC (cursos, xornadas, etc.), que é aprobado pola Xunta De Gobierno.
- ✓ Coordinación e loxística da celebración das actividades formativas, incluídas, ou non, no plan formativo anual.
- ✓ Xestión de subvencións para a entidade colexial (actividades formativas, contratación de persoal, etc.).
- ✓ Comunicación ordinaria cos colexiados: eventos de interese (feiras, congresos, etc.), lexislación de interese profesional, formación non ofrecida polo Colexio, xestión da bolsa de traballo, etc..
- ✓ Xestión da web, foro e correo corporativo, cuxa parte técnica está contratada, a unha empresa especializada.
- ✓ Representación non institucional do Colexio.
- ✓ Realización informes para tribunais, en temas de honorarios, así como certificados de diversa índole a petición dos colexiados.

7. ADMINISTRACIÓN

a. Funcións e servizos

Existen dúas persoas encargadas destas funcións, unha en cada unha das sedes. En ambos os casos as funcións céntranse en:

- ✓ Rexistro de Visado de traballos, así como a súa contabilidade, e arquivado das copias de custodia dos mesmos.
- ✓ Rexistro de correspondencia e arquivo da mesma.
- ✓ Xestión de altas e baixas colexiais, a expensas de aprobación pola Xunta de Gobierno.
- ✓ Xestión das Bases de datos colexiais.
- ✓ Contabilidade Xeral do Colexio: cotas colexiais, dereitos de visados, gastos xerais e correntes do colexio, etc..

- ✓ Atención, en primeira instancia, aos Colexiados e aos particulares que así o solicitan.
- ✓ Recepción de documentación.
- ✓ Base de datos de Peritos xudiciais.
- ✓ Xestión da Biblioteca Colexial.
- ✓ Traballos administrativo/contables, en xeral.

b. Rexistros de entradas e saídas

b.1 A Coruña

ENTRADAS: 187

Destacables:

✓ Solicitudes alta na web	45.
✓ Inscripcións curso valoracións	55.
✓ Baixas ou traslados Colexiais de diversa índole	30.
✓ Habilitacións	19.
✓ Escritos Xuzgados/Tribunais	6.
✓ Escritos respecto de subvencións ou petición de documentación ou información da Xunta	9.
✓ Reclamacións	1.
✓ Outros	22.

SAÍDAS: 209

☞ Habilitacións	80.
☞ Quendas Peritos Xudiciais a distintos xulgados e administracións	17.
☞ Escritos Xuzgados	6.
☞ Escritos Xunta distinta índole	6.
☞ Circulares	2.
☞ Convocatorias Asamblea	2.
☞ Convocatorias Xunta de Goberno	9.
☞ Remisión Carnet Colexial	25.
☞ Aviso sobre devolución recibos	24.
☞ Pagos becas de formación	6.
☞ Informes e certificados a Colexiados relacionados con atribucións	8.
☞ Resposta a reclamacións	1.
☞ Outros	23.

b.2 Pontevedra

ENTRADAS: 427

✓ Listado Peritos Xudiciais	140.
✓ Tarxetas demanda emprego	25.
✓ Baixas colexiais	10.
✓ Baixas Munitec	5.
✓ Ofertas formación Internet	150.
✓ Colexiados	45.
✓ Outros	52.

SAÍDAS: 218

☞ Xuzgados	51.
☞ Colexio Coruña	119.
☞ Delegado Pontevedra	11.
☞ Colexiados	19.
☞ Outros	18.

8. OS COLEXIADOS.

a. Dereitos e Deberes dos colexiados

Os propios que marcan os estatutos xerais, nos seus artigos 39 e 40, é dicir:

- a) Cumprir as normas reguladoras da profesión, os Estatutos xerais e particulares, os Regulamentos de réxime interior, as normas deontolóxicas ou calquera outras normas e acordos adoptados polo Colexio, o Consello Xeral ou o Consello Autonómico, no seu caso.
- b) Pagar as cotas e dereitos aprobados polo Colexio.
- c) Pór en coñecemento do Colexio a quen exerzan actos propios da profesión sen posuír o título que para iso lles faculte; aos que, aínda téndoo, non estean colexiados e aos que sendo colexiados faltan ás obrigacións que como tales contraeron.
- d) Someter ao visado e rexistro do Colexio todos os traballos profesionais, sexa quen for o destinatario. Este trámite realizarase no Colexio en cuxa demarcación se vaia a desenvolver o traballo profesional, de conformidade co disposto nos Estatutos.
- e) Someterse nas diferenzas profesionais que se produzan entre colexiados á arbitrase e conciliación do Colexio en primeiro termo, sen prexuízo de interpor, no seu caso, o recurso procedente.
- f) Nos traballos profesionais que realice observar todas as normas e preceptos que establece a lexislación vixente, as ditadas polo Colexio e polo Consello Xeral e aquelas outras encamiñadas a manter e elevar o prestixio, dignidade, decoro e ética profesional.
- g) Cumprir con respecto aos Órganos directivos do Colexio e do Consello Xeral e cos colexiados os deberes de disciplina, res-peto e harmonía profesionais.

1) Actuar profesionalmente en todo o ámbito nacional, nos termos previstos na vixente lexislación sobre Colexios Profesionais e nestes Estatutos.

- 2) Participar na xestión corporativa, exercendo o dereito de petición, o de voto e o de acceso aos postos e cargos directivos, mediante os procedementos que establecen estes Estatutos.
- 3) Participar no uso e goce dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.
- 4) Levar a cabo os traballos que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares, e que lles corresponda, respectándose a quenda previamente formada.
- 5) Ser representado ou defendido polo Colexio, polo Consello autonómico ou, en caso necesario, polo Consello Xeral, cando necesiten presentar reclamacións xustas, ben individual ou colectiva-mente, ante a Administración, institucións, tribunais, entidades ou particulares, e en cantas diverxencias xurdan en ocasión de exercicio profesional.
- 6) Ser informado da situación económica do seu colexio, de oficio ou a petición propia.

b. Numero de colexiados

930 (565 A Coruña e 365 Pontevedra)

Cos seguintes movementos colexiais ao longo do ano:

- | | | |
|--------------|----|----|
| • Altas | 40 | |
| • Baixas | | 29 |
| • Xubilados | 5 | |
| • Fallecidos | 3 | |

9. SERVIZOS COLEXIALES

XERALES:

- Visado traballos profesionais.
- Asesoramento técnico aos colexiados.
- Asesoramento xurídico gratuíto para o colexiado en materia de atribucións.
- Información dos cambios normativos, de organización, prazos, listado peritos xudiciais, eventos, etc., aos colexiados.
- Mail Corporativo Gratuito.
- Xestión ofertas de emprego para ITA.
- Web corporativa, con área privada e foro profesional.

PARTICULARES:

- Emisión de certificados en relación á colexiación e ás atribucións.
- Defensa da profesión as instancias que discutan as atribucións dos ITAs.
- Bolsas formativas polo 50% (150€ máx.) do importe do curso para quen o soliciten para actividades formativas a través da FUNDACIÓN IDEA ou se non se consegue que os cursos sexan subvencionados (gratuítos). Único requisito rematar o curso con aproveitamento.
- Axenda corporativa gratuíta.
- Emisión de 10 informes sobre as atribucións do ITA en relación a “Certificación Obra Nova “ seguindo os modelos da Asesoría Xurídica do

Colexio en colaboración coa do Consello G.C.Ou.I.T.A, así mesmo emitíuse un en relación ás nosas competencias en coordinación de Seguridade e Saúde.

- Difusión a través da web do Colexio de 14 ofertas de emprego coas datas e procedencia que a continuación se detallan:

.. 29.01.10 Enxeñeiro Técnico con especialidade en obra hidráulica para CODISIL

.. 03.02.10 Coordinador Seguridade e Saúde para Darzal S.L.

.. 04.02.10 E.T.A para empresa de xenética porcina Hypor España G.P., S.A.

.. 09.02.10 E.T.A. para empresa de comercialización e distribución produtos agropecuarios, GES CONSULTORES S.L.

.. 17.04.10 E.T.A. para Fruit Control

.. 20.04.10 E.T.A. para asesoramento clientes e almacenaxe, LEGARIA GESTIÓN E.T.T

.. 08.05.10 E.T.A. para CUSOVIAME S.C.G.

.. 24.05.10 E.T.A. para obra pública e edificación, ELSAMEX S.A.

.. 21.06.10 E.T.A. para PROYECTEGAL

..03.07.10 E.T.A. para actualización viñedo, GESTION RURAL INTERMEDIACIÓN Y ASESORAMIENTO S.L.

.. 15.07.10 E.T.A. para formación xardinería para formacioneingenieria@gmail.com

.. 10.09.10 E.T.A. coñecementos control integrado para AGROIBÉRICA INGENIEROS

.. 18.10.10 Técnico PRL para tecnicoestudios@hotmail.com

10. ACTIVIDADES REALIZADAS.

A parte das assembleas mencionadas, os días 28 de xuño e 20 de decembro:

- I. Curso semipresencial de “Instalacións Eléctricas BT”, de 22 horas totais. A sesión presencial celebróuse en Santiago de Compostela e asistieron 25 alumnos.
- II. Curso de “Valoracións no ámbito da Enxeñería Técnica Agrícolas”. 2 edicións na Coruña e Pontevedra, para 100 colexiados totais. 85 horas de duración e totalmente gratuito para os colexiados, asumindo o Colexio o custo que a subvención non cubría (Consellería de Traballo e Benestar e FSE).
- III. I Xornadas de Sanidade Vexetal, sobre a “Tuta Absoluta (Traza do tomate)”, abertas a todo o sector e de entrada libre (60 asistentes) Celebrouse en Cambados o 26 de novembro.
- IV. Celebración de *San Isidro Labrador*, a custo cero para os colexiados asistentes. Comida de confraternidade, con desprazamento gratuito para os que o desexaron, e entrega de premios e distincións e homenaxe aos compañeiros xubilados e falecidos.
- V. Copatrocinio e organización da entrega de Premios *San Isidro*, na EPS de Lugo aos compañeiros recentemente titulados.

11. INFORME DE XESTION ECONÓMICA.

a. Balance do ano.

Ver documento anexo.

b. Retribucións da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno non percibe retribucións.

c. Cuotas aplicables (trimestral, de ingreso, etc.).

i.	Cuota colexial:	30,00€/trimestre.
ii.	Cuota colexial reducida (desempleados):	20,00€/trimestre.
iii.	Cuota CGCOITAE:	5,49€/trimestre.

En total recadáronse: **106.212,00 €**

d. Tasas de visado

Dependen do traballo realizado, van en función do tipo de traballo, dimensión, medicións, valoracións, etc..

A Coruña: Percibíronse **73.950,34€** procedentes de visados.

a-	Proxectos	393
b-	Anteprojectos	31
c-	Final de obra e Certificacións	173
d-	Medicións	277
e-	Informes	198
f-	Valoracións	133
g-	Seguridade e saúde, Coordinación	315
h-	Varios	68

Visáronse en total 1544 traballos, dos cales 485 foron de forma dixital.

Pontevedra: Percibíronse **49.913,70€** procedentes de visados.

A.	Proxectos	232
B.	Anteprojectos	18
C.	Final de obra e Certificacións	87
D.	Medicións	309
E.	Informes	192
F.	Valoracións	133
G.	Informes Certificacións Viñado	159
H.	Seguridade e saúde, Coordinación	101
I.	Varios	38

Visáronse en total 1269 traballos, dos cales 468 foron de forma dixital.

Ascende o importe total a **123.864,04€** procedentes dos visados.

e. Subvencións:

Formación: obtivéronse 30.162,5 €, é dicir 15.081,25/curso (para os cursos de valoración).

Contratación: Técnicos de apoio, finalización de 2 contratos por 9 meses a partir dos cales se establece unha relación laboral. É imputable a este ano 7 meses da subvención concedida, o que ascende a 31.259,22 € polas dúas técnicas.

Na mesma liña de subvención pero na convocatoria 2010 obtívose unha axuda para unha nova contratación durante 6 meses, dos cales son imputables a este ano 2, ascendendo esa cantidade a 4.802,15 €.

12. CONTROL PROFESIONAL

a. CÓDIGO DEONTOLÓXICO

Pode consultarse no enlace:

<http://www.agricolas.org/modules/smartsection/item.php?itemid=14>

b. Procedimentos informativos e sancionadores

i. Número de expedientes instruídos no 2010

En relación a xulgados e tribunais entraron 6 escritos no colexio.

.- Dous eran citacións para colexiados. Directamente procedeuse a polas no seu coñecemento.

.- Outro foi un intento do xulgado de localizar a un colexiado en paradiro descoñecido.

.- O resto foron informes para reclamacións sobre honorarios.

Todas as que entraron en 2010 finalizáronse, ademais concluíronse algunhas que quedaban pendentas de 2009 e que se detallan a continuación.

ii. En fase de instrucción: número e infracción a la que se refieren.

Non hai nada en tramitación pertenciente ao ano 2010.

iii. Terminados: Numero, infracción á que se refiren e sanción

- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia Instrución nº 2 de Pontearreas: informe sobre honorarios.
- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia nº 2 de Lalín: informe sobre honorarios.
- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Carballo: información sobre domicilio de colexiado.
- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia e Instrución nº 2 do Porriño: informe sobre honorarios.
- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia e Instrución de Cambados: informe sobre honorarios.
- Resposta ao Xulgado 1ª Instancia e Instrución de Ordes: informe sobre honorarios.

c. Queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas.

i. Número de queixas o reclamacións recibidas no 2010:

Entraron dous escritos.

ii. En fase de instrución: número e motivos aos que se refiren

- ✓ Escrito sobre discrepancia dunha particular cunha valoración realizado por un colexiado.
- ✓ Escrito sobre discrepancia dun particular en relación coa minuta dun colexiado.

iii. Terminados:

- ✓ Foi remitida resposta a unha particular en relación cun escrito presentado en 2009, por discrepancias cun informe realizado por un colexiado.

